



Neste número // Misión comercial inversa con Francia / Clausura do Taller de Habilidades Xerenciais / Ampliado o prazo de recepción de candidaturas aos Premios Produto Gráfico Galego / Apoio ao Congreso Nacional de Artes Gráficas /

Ábrense novas perspectivas de negocio en Francia para os asociados ao Clúster

A misión comercial inversa celebrada a finais de setembro dá os seus primeiros froitos: o CPGGg abrirá unha oficina comercial en París e varios empresarios galegos mantiveron xa encontros cos responsables galos para planificar accións conxuntas



Foto de grupo da cea de gala que mantiveron os representantes franceses cos empresarios galegos, os membros da Cámara de Comercio de Santiago e Nava Castro, directora xeral de Comercio.

Entre os días 28 e 29 de setembro celebrouse unha misión comercial inversa con Francia, organizada polo Clúster en colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago e financiada pola Consellería de Economía e Industria dentro do Plan Foexga.

Esta operación enmárcase no obxectivo do Clúster de propiciar a internacionalización das compañías galegas. No Estudo de Oportunidades de Negocio no exterior detectáronse como países estratégicos Francia e México. Por iso, organizouse esta misión comercial co primeiro deles.

Ata Santiago de Compostela desprazáronse Joël Goysot, responsable da Axencia de Desenvolvemento Val de Mar-

ne; Géraldine Filippi, directora da Axencia Francesa de Investimentos Internacionais; e representantes dunha decena de empresas galas para reunirse coa Xunta Directiva do Clúster e manter contactos cos asociados.

Un punto de amarre no mercado francés

Unha das primeiras accións conxuntas, foi a sinatura dun convenio entre o Clúster e a Axencia de Desenvolvemento Val de Marne, grazas ao cal, no próximo mes de decembro, se abrirá unha oficina comercial en París. Así o rubricaron Juan Penas e Joël Goysot nun documento que posibilitará a internacionalización das empresas galegas.



O xerente do Clúster, Juan Penas, e o responsable da Axencia de Desenvolvemento Val de Marne, Joël Goysot, asinaron o convenio de colaboración.

O Clúster escolleu para introducir as súas empresas no mercado francés, a fórmula da oficina comercial, tamén denominada Internacional Trade Office-ITO. Esta delegación actuará como un punto de amarre e permitirá aos asociados entrar en contacto coas empresas e organizacións sectoriais locais.

A oficina servirá tamén para crear oportunidades de negocio, proporcionar información de primeira man sobre o mercado francés e mellorar as posibilidades das empresas á hora de competir neste país. Ademais porá en valor as capacidades dos sectores que integran o Clúster e permitirá a estes presentar proxectos conxuntos de I+D+i

ás convocatorias do sétimo programa marco. A que se abrirá en París será a primeira, pero nun futuro deséxase entrar noutros países.

Asimismo, para facilitar a saída ao exterior das organizacións, o Clúster participará o próximo 26 de novembro en Meetinnov, un evento de carácter internacional que reunirá en París a asociacións empresariais do sector gráfico europeo para debater sobre os retos aos que se enfronta o sector.

Esa cita ten unha gran relevancia xa que espera que de aí se deriven outras operacións que beneficien aos asociados e que contribúan a mellorar a súa posición no exterior.

/ Finaliza o Taller de Habilidades Xerenciais con proxectos de innovación concretos aplicables ás empresas do sector /

Os alumnos recibiron os diplomas de participación e expuxeron algúns dos traballos de I+D+i que desexan implementar nas súas organizacións

O Clúster organizou unha xornada o 13 de xullo para realizar a entrega de diplomas aos alumnos do Taller de Desenvolvemento de Habilidades Xerenciais, que se desenvolveu co apoio da Consellería de Economía e Industria e o asesoramento da Escola de Negocios Caixanova e a consultora galega de innovación estratéxica Inova.

Os alumnos, todos eles directivos das empresas asociadas, participaron nos seminarios incluídos no taller co obxectivo de desenvolver unha cultura empresarial innovadora, novas habilidades xerenciais e definir proxectos que fosen aplicables ás súas organizacións.

Jacobo Bermejo, presidente do Clúster, afirmou sentirse moi orgulloso do traballo desenvolvido polos alumnos e avanzou que: “volveremos poñer en práctica este proxecto para a modernización dos nosos sectores. O Clúster debe ser un elemento catalizador que permita ás empresas que innoven e se desenvolvan”.

O director da Escola de Negocios Caixanova, Eduardo García, mostrou a súa satisfacción polo programa desenvolvido polo Clúster, deu parabéns aos participantes polo seu esforzo e apuntou: “a formación non pode quedar en contidos, esixe aprendizaxe e resultados concretos no campo da innovación”.



De esquerda a dereita: Alberto Casal, director de Inova; Eduardo García, director Escola de Negocios; Jacobo Bermejo, presidente do CPGLg; e Juan Penas, xerente do CPGLg.

Proxecto	Empresa
Sistema automatizado de eliminación de recorte e separación de poses para packaging (S.A.M.).	Grafinsa
Elaboración de contidos para redes sociais de educación en valores específicos para encerado dixitais interactivos.	Nova Galicia Edicións
Edición dixital de contidos promocionais.	Dixital 21
Sistema integral de dixitalización de documentos.	Tórculo Artes Gráficas
Deseño dun novidoso concepto de punto de venda de fotografía dixital.	Xerox España
Deseño dun portal web avanzado como plataforma de comunicación cos clientes	Gráficas Anduriña

Por outra banda, Alberto Casal, coordinador do taller e director de Inova, detallou como se desenvolveron os

seminarios e expuxo as conclusións do curso. Así mesmo, apuntou: “nesta experiencia fixemos unha posta en común que nos deu a posibilidade de aprender uns doutros”.

Durante os seis meses de formación, os alumnos foron desenvolvendo proxectos co fin de aplicalos posteriormente ás súas empresas. Na táboa móstranse algúns deles.

A xornada finalizou coa entrega de diplomas. Agora tócalles a eles continuar o traballo e facer realidade o obxectivo do taller: implantar con éxito procesos de innovación nas organizacións galegas.



Os participantes no taller organizado polo Clúster, na compañía de Jacobo Bermejo.

/ Ampliado o prazo de presentación de candidaturas á primeira edición dos Premios Produto Gráfico Galego /

Os galardóns, promovidos polo Clúster, queren recoñecer a creatividade e innovación do sector. Para permitir a recepción dun maior número de propostas, estas poderán presentarse ata o próximo 30 de outubro



No acto de presentación dos Premios participaron (de esquerda a dereita): Juan Penas, xerente do CPGLg; José Manuel García, director xeral de Acción Social de Caixa Galicia; Roberto Varela, conselleiro de Cultura e Turismo; e Jacobo Bermejo, presidente do CPGLg.

O Clúster presentou o 24 de xuño en Santiago de Compostela os Premios Produto Gráfico Galego, uns galardóns que perseguen recoñecer o labor dos profesionais e empresas de Galicia que destaquen pola súa creatividade e innovación no eido da produción gráfica. Asimesmo, con esta iniciativa, deséxase estimular ao sector premiando as propostas máis talentosas en diferentes formatos.

Para iso, a primeira edición destes premios -que contan co respaldo das Consellerías de Economía e Industria e Cultura e Turismo, así como da Obra Social Caixa Galicia- establece catro categorías.

Unha delas é o Premio Libro Editado. Esta busca recoñecer o traballo máis talentoso neste ámbito, que teña que ver cos libros impresos e encadernados en Galicia e que reúnan os criterios de creatividade e innovación no tocante a encadernación, ilustración ou fotografía.

O Premio Deseño Innovación que- re poñer en valor o mellor traballo de deseño gráfico que destaque polo emprego de formatos innovadores e que teña algunha aplicación real nalgún produto fabricado.

Doutra banda, a categoría Produto Gráfico Publicitario distinguirá o mellor traballo gráfico desenvolvido con fins publicitarios, ben sexa deseño de anuncios para prensa, deseño de folletos ou trípticos, traballos en gran formato, ou campañas online que teñan destacado pola súa creatividade e innovación conceptual, entre outros.

Ademais, o Clúster quere premiar os futuros profesionais galegos. Para eles, creouse o Premio Novos Talentos, ao que poderán presentar os seus traballos os estudantes de deseño, arquitectura, publicidade ou comunicación enmarcados nun proxecto de deseño dende calquera ámbito conceptual.

Este último galardón é o único que se acompaña dunha bolsa económica dotada de 6.000 euros, que permitirá ao premiado traballar no Clúster durante o primeiro semestre de 2010, xa sexa en Galicia ou nun centro de excelencia no estranxeiro. Os premiados nas outras categorías recibirán unha creación exclusiva e orixinal do concurso. A gala de entrega de premios celebrábase o 30 de novembro na Fundación Caixa Galicia de Santiago de Compostela.

Dende que se abriu a convocatoria comezaron a chegar ás oficinas do Clúster, traballos enviados dende varios puntos da xeografía galega e atendéronse multitude de consultas e peticións de información. Por iso, decidiuse ampliar o prazo de presentación de candidaturas ata o próximo 30 de outubro, co obxectivo de facilitar a participación e permitir a recepción dun maior número de propostas. O prazo orixinal para presentar candidaturas finalizaba o 15 de outubro.

Toda a información referente aos premios se atopa na páxina web do Clúster: www.clustergrafico.com Tamén se habilitou un correo electrónico para inscribirse e atender todas as consultas: inscripcion@premiosproductograficogalego.com



Numerosos asistentes achegáronse á Fundación Caixa Galicia para informarse do concurso organizado polo Clúster.

BREVES

O Clúster presenta un novidoso libro de estilo

A sede da Fundación Caixa Galicia en Santiago acollerá o día 4 de novembro a presentación do Libro de Estilo do Clúster. Un manual que recolle dun modo orixinal o sentir de todas as profesións que conforman o CPGLg e que fan posible a creación dun produto gráfico: editores, ilustradores, fotógrafos, deseñadores, publicistas, impresores e encadernadores.

Neste acto participarán o conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela; o director de Acción Social de Caixa Galicia, José Manuel García Iglesias; e o presidente do Clúster, Jacobo Bermejo.

Primeira reunión do padroado do CIT-CEAGG

O proxecto do Centro de Innovación Tecnolóxica da Comunicación, Edición e Artes Gráficas de Galicia (CIT-CEAGG) que promove o Clúster, segue o seu camiño con pasos firmes para converterse nunha realidade. Na primeira semana de novembro terá lugar, nas instalacións do Instituto de Desenvolvemento de Caixanova, a presentación da fundación do centro e a primeira reunión do padroado.

Neste acto, que dará comezo ás 10.30h e que contará coa presenza de presidente de Caixanova, Julio Fernández Gayoso, presentarase tamén o Plan Estratéxico da Agrupación Empresarial Innovadora.

Solicitud de apoio á Consellería de Cultura e Turismo

Jacobo Bermejo e Juan Penas mantiveron o pasado 30 de setembro unha reunión co conselleiro de Cultura e Turismo. Neste encontro trasladouse a Roberto Varela o desexo de que o seu departamento participe no padroado do CIT-CEAGG, ao que mostrou o seu interese á espera de analizar o compromiso do resto de Consellerías implicadas no proxecto.

Ademais, presentóuselle información sobre o Congreso Nacional de Artes Gráficas para requirir o apoio do Xacobeo a esta iniciativa. A documentación trasladóuselle á comisión técnica que será a encargada de analizar a posibilidade de patrocinar este evento.

/ O Clúster mostra o seu apoio ao Congreso Nacional de Artes Gráficas /

Juan Penas forma parte do Comité Organizador e do Técnico deste evento que analizará en xuño en Compostela o presente e o futuro do sector gráfico

Santiago de Compostela acollerá entre os días 10,11 e 12 de xuño un Congreso Nacional de Artes Gráficas organizado pola Federación Empresarial de Industrias Gráficas de España (FEIGRAF) conxuntamente coa Asociación de Empresarios de Artes Gráficas de Galicia (AEAGG). Así o confirmaron o 24 de setembro en Madrid ambas as dúas entidades nun acto celebrado na Casa de Galicia, ante representantes dos diferentes gremios autonómicos do sector gráfico, provedores e medios de comunicación.

Ata alí desprazouse Juan Penas para mostrar o apoio do Clúster a este evento que pretende ser un acontecemento empresarial de primeira orde e que, tal e como avanzou Jacobo Bermejo, "ten a finalidade de reunir por primeira vez na capital de Galicia a profesionais e expertos de todo o territorio nacional, terá un contido extraordinariamente didáctico e constituirá unha cita inmellorable para fomentar a unión intrasectorial".

En Madrid presentouse un avance do programa e a composición do Comité Organizador e do Técnico. En ambos

os dous, participa Juan Penas para cooperar coa asociación nesta iniciativa que nace co obxectivo de ser un foro nacional de formación e actualización dos contidos gráficos e empresariais.

A organización do Congreso está a conformar o Comité de Honra do Congreso e pechando o programa de actividades. Proximamente abrirase o prazo de inscricións.



Foto de grupo dos presidentes e secretarios das distintas asociacións autonómicas do sector, entre os que se atopa Juan Penas, xunto ao director da Casa de Galicia en Madrid.

Recordámoslles que o Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego pon á súa disposición diferentes vías de contacto:

Teléfono

881 977 102

Fax

881 977 103

Enderezos electrónicos

juanpenas@clustergrafico.com (Xerente)
comunicacion@clustergrafico.com (Prensa)
cluster@clustergrafico.com (Xeral)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística